

*Bandeiras nevoentas*  
(a historia que me faltaba dun home de *Brais Pinto*)

**Xosé Manuel Salgado**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

SALGADO, XOSÉ MANUEL (2011 [1993]). “*Bandeiras nevoentas* (a historia que me faltaba dun home de *Brais Pinto*)”. *A Trabe de Ouro*: 13, 145-147. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/352>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

SALGADO, XOSÉ MANUEL (1993). “*Bandeiras nevoentas* (a historia que me faltaba dun home de *Brais Pinto*)”. *A Trabe de Ouro*: 13, 145-147.

\* Edición dispoñíbel desde o 9 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

*BANDEIRAS NEBOENTAS*<sup>1</sup>  
(A HISTORIA QUE ME FALTABA DUN HOME  
DE BRAIS PINTO)

---

Xosé M. Salgado

---

É unha triste realidade que a desaparición dun artista determine paulatinos abandonos que chegan ata o esquezo e definitivo olvido da súa obra. O mesmo cabe afirmar se o seu herdo cae en persoas abúlicas ou, se por ser varios os implicados e non lucrativa a compensación económica previsible ó esforzo que haxa que realizar para manter vivo o culto artístico, uns por outros considéranse libres de responsabilidades e inhíbense.

Estas reflexións veñen a conto aquí e agora, porque o exposto anteriormente estaría na orixe dunha das eivas que padecen moitos dos nosos escritores, cal é o descoñecemento da nosa historia literaria anterior. Eiva que non é imputable ós mesmos nin entra dentro da súa responsabilidade porque, xa se sabe, vivimos nun territorio no que a pre-

---

<sup>1</sup> Patiño, Reimundo, *Bandeiras nevoentas*, Edicións Espiral Maior, A Coruña, 1992.

sencia dos mouros foi máis que notoria e a mourindade de hoxe non perdeu o parentesco cos seus devanceiros e segue a agochar tesouros en moitos recunchos da nosa terra.

Moito máis grave e lamentable sería, se a eiva devandita se producise pola negativa dos nosos escritores a volca-la vista no que teñen diante súa, no interior da súa mesma casa, rexeitando o propio para quedar fascinados, estupidamente fascinados, polo alleo, e adaptándose mimeticamente a correntes literarias estrañas, esteticamente, ás veces, non moi afortunadas.

De aí que as miñas primeiras palabras sexan de profundo agradecemento, tanto ós depositarios coma ós editores destas *Bandeiras neboentas* de Reimundo Patiño, por deixarmos ve-la outra cara dun home que, aínda recoñecido coma un dos renovadores da plástica galega, pouco sabiamos da súa actividade literaria, que non por exigua deixa de ter interés.

Porque en efecto, Patiño foi sen dúbida un dos artistas máis radicais e que menos se resentiron co paso do tempo. Plantexou unhas propostas que agora con máis facilidade nos descubren a complexidade duns presupostos que non é difícil rastrexar en moitas posturas posteriores, pero que ademais serven de punto de referencia obrigado nun momento en que tanto se fala da crise da pintura.

No poemario que hoxe ve a luz, reproducíase o *Prólogo* que Manuel María fixera *ad hoc* nas Terras de Lemos aló polo 1960; prólogo que merecería algunha matización de carácter teórico pero que ten o mérito de colocar a Patiño no lugar que lle corresponde, sen que para iso o poeta de Outeiro de Rei teña que acudir ó eloxio laudatorio ou á loubanza gratuita, tan habituais nos prologuistas da época. Outra nota introductoria de Antón Patiño e unha axeitada e precisa recensión epilodal de Xavier Seoane conforman o soporte crítico do libro.

Respecto ó *corpus* poético do volume que hoxe se nos mostra, cómpre sinalar que, a carón dos oito poemas que fan destinados á publicación inicial que endexamais saíu do prelo, engádenselle agora sete novos amais de catro prosas do autor coruñés.

Foi en *Dorna*, no seu número 9 correspondente a 1982, onde por vez primeira apareceron publicados algúns poemas de Patiño; concretamente o número cinco de *Bandeiras neboentas* e o que comeza «LONGAMENTE abala o vento». Así mesmo, as páxinas desta revista de expresión poética galega, acolleron a prosa «Homes-Bielas», publicada xa con anterioridade no número 3 de *Vieiros*, correspondente ó outono de 1965.

Pero, certamente, non deixan de ser estas máis que meras epifanías daquel «pecado solitario», como adoitaba de lle chamar Reimundo Patiño a este monllo de versos xurdidos en Madrid, nun tempo no que a loita pola vida cobrou forma nas prosas e poemas dos homes de *Brais Pinto*; uns homes que protestaron co seu estilo de vida contra da situación presente e que buscaron nos pensadores, sobre todo en Sartre, o apoio ás súas actitudes vitais.

Eran anos difíciles aqueles nos que se xestaron estas *Bandeiras neboentas*. A vida non estaba para demasiadas alegrías e algúns homes, fillos da miseria da época e da loita desesperada pola subsistencia, menos. Coido que merece a pena, por resultar sumamente esclarecedor e altamente revelador da situación do momento, reproducir un pequeno

texto en prosa que precede a un poema de Alexandre Cribeiro, adicado á morte do seu amigo e compañeiro Reimundo:

Un serán de outono, fomos Patiño e máis eu ó Pozo del Tío Raimundo. Queríamos face-la historia ilustrada dunha miseria. Comezou el a debuxar, e eu a enfiar verbas escuras. Nisto, a contraluz, emerxen polo cumio das montañas de lixo dous adolescentes:

Dille el:

—¿Comiste hoy?

Di ela:

—Ya comí ayer.

Sacou o mozo do peto un anaco miserento de chourizo, púxollo entre os dentes, e lambeulle o prebe polos beizos.

Mirámonos, rachámo-los papeis, e baixamos chorando xordamente ata Vallecas. Nunca máis falamos daquilo, nin nunca falaremos xa.

A miserenta situación presente, non cabe dúbida de que tinxiu de melancolía o sorriso de Patiño e de amargura a súa palabra.

E neste ambiente, condicionado tamén polo existencialismo de posguerra, van caendo coma tristes pingueiras de auga fría, os lúgubres versos de *A noite* de Xosé Fernández Ferreiro e os escuros e apasionados poemas de *O que se foi perdendo* de Ramón Lourenzo. É a hora tamén, do laio angurioso de Bernardino Graña, magnificamente explicitado no *Poema do home que quixo vivir*, así coma do verso intimista e amoroso, non exento de preocupación social, dun Alexandre Cribeiro que, *Acoitelado na espera*, permanecía «sempre á beira/d-aurora que non chega». Non se pode esquencer por outra banda, que as prosas ferrinianas de *O crepúsculo e as formigas* foron concebidas e saíron do prelo por aquel entón.

Estas *Bandeiras neboentas* que hoxe aloumiña por vez primeira o vento, son o expoñente dunha obra que nace da introspección e que se detén a miúdo sobre a súa propia esencia. Coma tanta poesía daqueles anos, alimenta unha reflexión sobre si mesma.

Por outra banda, é posible descubrir tralos eternos temas da poesía —o amor e maila morte— frecuentados polo poeta, unha reflexión sobre o lugar que ocupa o ser humano, capaz de expresarse entre a palabra e o silencio.

O mundo do poeta vén ser un escenario de misterios e seduccions, de existencias fascinantes e precarias, de fugacidade e esquencemento, de movementos e de cambios. E o amor, xa que logo, convértese en símbolo dun paraíso perdido e reconquistado: cara e cruz dunha mesma realidade.

A través do presente libro ten o lector a posibilidade de acceder á obra dun poeta esquencido por non coñecido e penso que, dende hoxe, este reencontrado Patiño é merecente dun lugar de privilexio dentro da historia da cultura galega, porque el soubo comunicar un mundo persoal expresado a través duns argumentos, unhas metáforas e unhas formas gráficas e plásticas igualmente persoais.

*Bandeiras neboentas* en fin, aínda sendo testemuñas imperecedeiras dun pasado angurioso, coído que gozan na actualidade dunha saúde espléndida, xa que constitúen unha feliz alternativa ó estéril e descorazonador proxecto da mal chamada e endexamais benvida modernidade.